

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 8 DE MAIO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día oito de maio de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para reforma integral de centro de saúde da milagrosa, sito na rúa Río Ser, número 7 (exp. 2023/Y001/000235).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a delegación de competencias na Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos para a contratación dun servizo de roza de pistas na zona rural.

3. FOMENTO.- Acórdase aprobar o Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a Entidade Dmanan Corporación Empresarial, S.L., para a celebración do Arde Lucus 2024.

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para a legalización de actuacións executadas en vivenda unifamiliar con licenza urbanística 11/2013, sita no núcleo rural tradicional de Bosende de Arriba, parroquia de Muxa San Pedro Fiz.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac3560861306624321796.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-5-2024

Tamén se acorda a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para a instalación de ascensor nun edificio de vivendas sito na rúa Magnolia, número 16.

5. PERSOAL.- Acórdase aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de arquitecto/a técnico/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OPE 2023).

Tamén se acorda a prórroga da atribución temporal de funcións a un cabo de bombeiros.

Así mesmo, acórdase adiar o expediente para un mellor estudo relativo ás bases específicas para a cobertura en propiedade dunha praza de encargado/a (brigada de vías e obras) pertencente ao cadro de persoal funcionario (grupo C - subgrupo C2) en quenda de promoción interna (OEP 2022).

Do mesmo xeito, acórdase a resolución concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo de administrativos/as.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

6. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase o inicio do procedemento de reintegro da subvención directa e excepcional á Diocese de Lugo para a rehabilitación da cuberta da Capela do Carme.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

7. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a resolución do recurso de reposición interposto contra o decreto de pagamento da subvención nominativa (orçamento ano 2022).

**ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A
VECIÑANZA**

8. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase o cambio de postos solicitados por persoas autorizadas para venda no mercado de Frigsa 2024.

Fóra da orde do día

- Acórdase a aprobación do Convenio de colaboración entre a Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Excmo. Concello de Lugo e a Federación de Librerías de Galicia para a celebración da Feira do Libro de Lugo.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.